




concello de **NARÓN**
separata 02



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	11
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	14
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	15
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)	16
8.	ANEXO PLANOS	31



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.


TRAZADO DO CAMIÑO		Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.
TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS		Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
TRAZADO COMPLEMENTARIO		Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O ámbito xeográfico no que actualmente se acha o municipio de Narón é coñecido historicamente como a terra de Trasancos. A parroquia de Trasancos aparece na documentación do segundo Concilio de Braga, do século VI. Este topónimo vén a significar "máis alá dos picos". Narón é paso obrigado dos camiños que dende o interior conducen a Ferrol. Elisa Ferreira dedica na súa obra sobre os camiños medievais de Galicia, un apartado aos camiños que percorrían a terra de Trasancos.

Un dos fitos históricos máis importantes deste municipio é o Mosteiro de San Martiño de Xuvia, coñecido como Mosteiro do Couto. As terras do actual municipio de Narón formaron parte do señorío deste mosteiro. A edificación orixinal é anterior ao século X, xa que hai documentos deste século que xa o citan como lugar de retiro do bispo Argimiro, que viviu no século IX. A finais do século XI ou principios do XII, incorporouse á Congregación de Cluny. A igrexa foi reconstruída en 1137 por orde e doazón do Conde de Traba. O documento máis antigo no que aparece o nome de Narón, na forma de Sanctus Julianus de Naraon, refírese a unha doazón feita á igrexa de San Martiño de Xuvia a finais do século XI.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

A nova proposta de trazado no Concello de Narón consta dun trazado principal e un tramo de camiño complementario.

TRAZADO PRINCIPAL

O Camiño Inglés introdúcese no municipio de Narón a través do polígono industrial de A Gándara. Dende a rúa Luis Seoane, o trazado toma o paseo que discorre ao longo do parque lineal que perfila o bordo costeiro, permitindo ver a poboación de Neda na marxe oposta da ría. A senda sitúase paralela á Avenida do Mar e posteriormente a ruta xacobeá incorpórase a esta rúa do polígono industrial. Así se chega a unha rotonda que dá acceso á autovía FE-11. O peregrino xira á esquerda antes da rotonda e a continuación á dereita pola estrada de A Gándara, subindo pola ponte que salva a autovía FE-11.

Tras pasar esta ponte xírase á dereita por un sendeiro con inicio empedrado que pasa a converterse en lastro e situarse en paralelo á vía do ferrocarril Ferrol-Betanzos. Máis adiante cruza baixo a vía férrea a través dun estreito túnel de muros e arco de pedra e firme de lastras, no lugar onde se conserva o lavadoiro da "Vereda Vella" ou a Fonte do Picho. Continúase por un camiño recto de lastro que ascende entre árbores e matogueiras ata chegar ao Camiño do Picho, en cuxo encontro hai un tramo empedrado. Tómase este camiño asfaltado en dirección nordés avanzando entre os muros de peche de terreos onde se levantan vivendas unifamiliares.

No seguinte cruzamento xírase á dereita para tomar o Camiño do Vilar, que conduce ao núcleo do mesmo nome. A estrada estreita, realiza unhas curvas e comeza un ascenso ata chegar ao cruzamento coa avenida Souto Vizoso. Xira para tomar a devandita avenida, que segue en ascenso, ata confluír coa rúa Soria.

Dende aquí comeza un acusado descenso por esta rúa urbanizada tras a construción da autovía FE-11. Fronte ao peregrino áchase, en primeiro termo, a ponte pola que cruza esta autovía e tras el a vía do ferrocarril cruzando a ría e detrás o viaduto da AP-9. Ao fondo a zona urbana de Neda baixo os montes circundantes.

Pouco despois do paso baixo a FE-11, aparece á vista o campanario do Mosteiro de San Martiño de Xuvia. Continuando en suave descenso, a rúa xira ata situarse fronte ao recinto monástico, que actualmente só conserva en uso a igrexa e as dependencias parroquiais.

Tras o paso polo mosteiro, o peregrino continúa a súa ruta pola estrada e toma a pista que xorde á dereita. Esta pista asfaltada permite ver o fondo da ría atravesado polos viadutos do ferrocarril e da autoestrada AP-9. O trazado inténase nun bosque de eucaliptos á vez que o asfalto dá paso ao firme de terra. Tras o bosque, o camiño pasa baixo o viaduto da AP-9 e vai gañando anchura. Comeza aquí un tramo no que a ruta discorre por unha ampla pista de terra que discorre entre a autovía FE-11 e a ribeira do mar. O noiro da autovía impide ao peregrino o paso xunto ao núcleo de Cornido. No lateral dereito, a vexetación intermitente deixa ver unha ría cada vez máis estreita.

Máis adiante, a pista gaña altura ata situarse uns metros por enriba da FE-11, posibilitando maiores vistas. Na beira oposta da ría contéplase a poboación de Neda, que atravesará máis adiante o peregrino. Cun novo xiro ao norte o trazado xacobeo apoia-se novamente nun vial asfaltado que o conduce totalmente en paralelo a mencionada autovía. Ao chegar á desembocadura do rego Santa Cecilia, o peregrino cruza sobre este por unha ponte peonil construída en paralelo á FE-11. Esta ancha ponte leva a unhas escaleiras que dan acceso ao paseo marítimo que rodea as instalacións industriais de Megasa.

O trazado continúa polo parque do Paseo da Ribeira, unha zona verde chaira situada entre os edificios do núcleo de Xuvia e o bordo da ría. O peregrino chega á ponte Xuvia pola que cruza a Estrada de Castela (AC-862) e pon fin ao seu tránsito polo municipio de Narón.

TRAZADO COMPLEMENTARIO MUIÑO DAS ACEAS

O trazado complementario que discorre polo Muíño das Aceas iníciase uns 75 metros antes de que o trazado alcance a ponte peonil que acompaña á autovía FE-11 sobre o rego de Santa Cecilia. Abandónase a pista que conduce á devandita ponte para tomar un camiño asfaltado que descende polo lado dereito para cruzar por debaixo do taboleiro da ponte.

Este camiño ascende ata as inmediacións de O Outeiro, onde se alcanza unha pequena estrada, que realiza varios xiros entre terreos privados. Posteriormente toma unha pista de lastro que discorre xunto a muros de pedra que levan ata o Muíño das Aceas de Ciarán. A man esquerda queda á vista a presa de cachotaría e en fronte as edificacións que albergaron o muíño, o almacén e a vivenda. O peregrino chega por un sendeiro ata pasar xunto a estes edificios levantados no século XVIII. Aquí xira para pasar sobre a estrutura pétrea da presa, cuxo remate é un sendeiro terroso dende o cal se observa a marisma a ambos os dous lados.

Unha vez atravesado o muíño de mareas, o trazado prosegue por un camiño de terra que avanza cara ao norte, en paralelo ao bordo da ría, pasando xunto a valos e muros de terreos privados. O camiño desemboca nun paseo peonil paralelo á estrada FE-11. Neste punto, a ruta xira e cambia de sentido para discorrer por este paseo. Pouco despois, a senda pasa baixo a autovía FE-11 e xira cara ao leste, para unirse co trazado principal e discorrer ata o ponte de Xuvia polo paseo marítimo.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Narón. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO 1997



Narón é un Concello no que as modificacións urbanísticas e as derivadas das grandes infraestruturas que o atravesan modificaron fortemente o territorio polo que o Camiño proposto presenta variacións respecto ao de 1997.

TRAMO POLÍGONO INDUSTRIAL DE Á GÁNDARA



Na proposta de 1997 o Camiño entraba no Concello de Narón procedente de Ferrol pola zona do polígono industrial de A Gándara. A transformación urbanística da zona modificou o discorrer do Camiño. Así a proposta de definición do trazado é a de empregar como Camiño unha senda litoral peonil creada ex novo entre as instalacións empresariais e a Ría de Ferrol, mellorando en canto a valores mediambientais e de seguridade para o peregrino.

TRAMO Á GÁNDARA-MOSTEIRO DE XUBIA.

O trazado definido en 1997 discorría pola beira da Ría de Ferrol alcanzando o Mosteiro de Xubia pola súa parte traseira pasando por zonas que se foron colmatando e gañando á ría e que hai menos de 60 anos eran auga. Ademais a construción da FE-11 imposibilita poder camiñar polo devandito trazado.

O trazado proposto recupera o paso xunto á vía do tren, antiga Vereas Vella arboada ata a construción da plataforma do ferrocarril a comezos de 1910, pasando xunto ao lavadoiro e á fonte do Picho e transcorrendo por trazados identificables na cartografía antiga.

Establécense dous tramos de camiños con vestixios históricos. O primeiro correspóndese co Camiño do Picho e o segundo co tramo de acceso ao Mosteiro de San Martiño que deixou invalidado a FE-11.

TRAMO MOSTEIRO DE XUBIA-MUIÑO DE ACEAS



Ao igual que o tramo anterior o trazado definido en 1997 discorría pola beira da Ría de Ferrol por un sendeiro de nova creación desviándose pouco despois da subestación eléctrica de O Outeiro cara ao interior para chegar ao Muíño de Aceas. Non obstante, este trazado non se pode realizar na actualidade tal e como se marcou no seu día debido á construción da FE-11.

O trazado proposto, tras saír do Mosteiro de San Martiño de Xubia non continúa pola beira da Ría de Ferrol senón que o fai paralelo a autovía FE-11 ata chegar á altura do paseo marítimo que toma para discorrer por el ata alcanzar o Concello de Neda. Incorporárase tamén un tramo complementarios que discorre en parte sobre o trazado de 1997 e que pasa polo muíño de correntes das Aceas.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O primeiro tramo do trazado discorre pola senda peonil do parque lineal que separa o bordo costeiro do polígono empresarial de A Gándara. O sendeiro dispón de camiño de terra compactada e de carril-bici, polo que resulta moi cómodo de transitar.

Tras abandonar a zona urbana do polígono empresarial, o trazado toma un camiño de lastro solto que discorre paralelo á vía do ferrocarril. O paso baixo el realízase de forma axeitada, xa que o firme está perfectamente empedrado.

A continuación, segue outro tramo de lastro que conecta cunha pista asfaltada. Dende este punto da parroquia de San Martiño de Xuvia ata a chegada ao Muíño das Aceas de Ciarán, o trazado discorre por pistas e estradas asfaltadas que presentan bó estado. Este tramo representa unha boa parte da ruta xacobeá polo municipio de Narón.

O paso sobre a presa do Muíño das Aceas, construída a base de cachotaría, é de terra e pedras soltas, resultando incómoda e perigosa. O resto do trazado ata a chegada á ponte de Xuvia, apóiase no paseo marítimo, polo que resulta axeitado e seguro.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.

ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	2.0	28.0%	1.4%
	Mala	2.0	28.2%	1.4%
	Media	0.7	9.4%	0.5%
	Boa	1.7	24.3%	1.2%
	Moi boa	0.7	10.1%	0.5%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
Total xeral		7.0	100.0%	4.9%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	4,5	64,2%	3,2%
	Regular	2,4	34,8%	1,7%
	Mala	0,1	1,0%	0,0%
	Total xeral	7,0	100,0%	4,9%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito de delimitación no concello de Narón discorre pola súa banda sur, seguindo o límite do concello en contacto coa ría de Ferrol. Discorre en diagonal desde o suroeste cara ao nordés, diferenciando os seus límites entre o oeste e o leste. Do mesmo xeito que ocorre en Ferrol, ao tratarse de zonas máis urbanas tanto a anchura como as formas dos límites do ámbito non son regulares, condicionado polas edificacións e o parcelario existente.

O ámbito atravesa as parroquias de Xubia (Santiago Apóstolo), Xubia (San Martiño) e Xubia (Santa Rita), e inclúe o polígono industrial de A Gándara e os núcleos de O Vilar da Faísca, Oliveira e A Gándara de Altea.

O límite oeste do ámbito entra no concello polo polígono industrial de A Gándara, paralelo a la rúa Luis Seoane, continuando pola Avenida do Mar xirando ao norte a través dos soares baleiros anteriores ao Centro Municipal de Formación do Concello de Narón. Na parte traseira das naves toma a rúa Fonsagrada ata o final, pasa á parroquia de Xubia San Martiño e segue cara ao nordés pola rúa Polígono Gándara e parcelas de edificacións residenciais, para cruzar a estrada e a liña de ferrocarril cara ao norte. Unha vez alí entra na área de Domirón, e apoiase nos camiños existentes ou estradas entre parcelas de cultivo e de edificación residencial, seguindo en paralelo ao Camiño do Picho e Camiño do Vilar. Unha vez cruzada a avenida de Souto Vizoso, o ámbito sepárase máis do Camiño, seguindo en recto cara ao norte polo oeste da zona residencial de A Veiga.

Unha vez atravesada a autoestrada do Atlántico AP9 a liña vai paralela á autovía FE-11 ata pasar a subestación eléctrica nas proximidades de O Outeiro onde toma dirección oeste cara o núcleo de As Covas. Neste punto atravesa o rego de Santa Cecilia, e sigue a retroceder cara ao oeste seguindo o seu límite de ribeira. O núcleo de O Ponto bordéao polo sur (rúa de Aceas, rúa de Xurxo e rúa do Peregrino) ata alcanzar a estrada do Castela e entrar na parroquia de Xubia (Santa Rita).

Atravesa as instalacións de Megasa e descende cara ao sur ata bordear o paseo marítimo polo interior da parcela industrial. Un vez pasada a industria achégase ao sur cara á ría continuando cara ao leste polo paseo de Ribeira, aínda que ascendendo ao norte nos espazos sen ocupar nas parcelas a ambos os dous lados da rúa Xoan XXIII. Despois de dirixirse ao norte pola rúa Marcial Calvo, toma ao leste a rúa Foro e entre bloques altos de vivendas alcanza a estrada de Castela para finalmente seguir cara ao concello de Neda.

O límite leste do ámbito entra no concello polo polígono industrial de A Gándara, e acompaña ao trazado do Camiño polo límite sur do propio concello, coincidente coa liña de costa da Enseada de A Gándara. É á altura do núcleo de A Faísca onde abandona a costa e entra cara ao interior, cruzando a estrada FE-11 e o ferrocarril cara ao norte. Discorre entre parcelas de vivendas en dirección este, e chegando a Oliveira volve saír ata a liña de ferrocarril que sortea polo norte, e continúa por parcelas de cultivo ata chegar á liña de costa que non abandonará ata chegar ao límite municipal de Neda.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO**ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO**

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Igrexa de San Martiño de Xuvia ou Mosteiro do Couto	Narón - O Couto	Narón	Arquitectura relixiosa	566.887	4.816.643
Muíño das Aceñas de Ciarán	Narón	Narón	Elementos etnográficos	567.260	4.818.300
Conxunto de casas na Ponte de Xuvia	Ponte de Xuvia - Estrada de Castela nº 969	Narón	Arquitectura civil	568.680	4.818.780
Escola de Santa Rita	Praza do Colexio s/n	Narón	Arquitectura civil	568.311	4.818.638
Igrexa de Santa Rita de Xuvia	Estrada de Castela nº 954	Narón	Arquitectura relixiosa	568.467	4.818.669
Muíño da Ponte de Xuvia	Rúa San Roque nº 5 - Ponte de Xuvia	Narón	Elementos etnográficos	568.682	4.818.815
Ponte de Xuvia	Narón - Ponte de Xuvia	Narón	Arquitectura civil	568.708	4.818.764
Fonte de San Roque	Praza Francisco Barcón, antiga Praza de San Roque	Narón	Elementos etnográficos	568.513	4.818.560
Casas na Estrada de Castela	Estrada de Castela nº 901 - 903 - Esquina CP 5401	Narón	Arquitectura civil	568.142	4.818.505

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)

TRAZADO PRINCIPAL



001



002



003



004



005



006



007



008



009




010



011



012



013



014




015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138

TRAZADO COMPLEMENTARIO



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



034



035



036



037



038



039



040



041

8. ANEXO PLANOS